



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 216/143
CONTA XERAL ANO 2021

PROPOSTA

Asunto: Rendición da Conta Xeral

Ano: 2021

Órgano: Alcalde-Presidente

Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2021, e ao obxecto de dar cumprimento aos prazos previstos no artigo 212.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Presidente da entidade renderá a Conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

A Conta Xeral formouse nos prazos regulamentarios, polo que, propónse ao Excelentísimo Sr. Alcalde-Presidente:

A) Render a Conta Xeral do ano 2021, integrada por:

A Entidade Local.

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

O perímetro de consolidación é o previsto no artigo 166 do TRLRFL, entes con orzamento limitativo.

Composta polos seguintes estados:

Balances.

Conta de resultado económico-patrimonial.

Estado de cambios no Patrimonio Neto.

Estado de fluxos de efectivo.

Estado de liquidación do Orzamento.

Memoria e demais estados complementarios.

A Memoria achégase coa desagregación que establece a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e co detalle e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron no transcurso do ano 2021.

b) Someter a Conta ao ditame da Comisión Especial de Contas e aos requisitos e trámites que esixe o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En Vigo, á data da sinatura electrónica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/07/2022 09:12	Páxina 1 de 2
216-143	CSV: A6AAAB-DD8EB3-54D5EE-8ZZB6B-RMKLZW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 216/143
CONTA XERAL ANO 2021

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación por Resolución da Alcaldía de 18 e 26/06/2019 texto consolidado do 04/09/2020)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/07/2022 09:12	Páxina 2 de 2
216-143	CSV: A6AAAB-DD8EB3-54D5EE-8ZZB6B-RMKLZW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		